

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**1155** *REAL DECRETO 60/2005, do 21 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, polo que se aproba o Plan nacional de asignación de dereitos de emisión, 2005-2007. («BOE» 19, do 22-1-2005.)*

O Plan nacional de asignación de dereitos de emisión, aprobado polo Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, establece para o trienio 2005-2007 a cantidade total de dereitos que se asigna ás instalacións que desenvolven actividades incluídas no ámbito de aplicación do Real decreto lei 5/2004, do 27 de agosto, polo que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, incluíndo as coxeracións non asociadas a procesos industriais previstos no anexo I da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE, incorporada ao ordenamento interno mediante o citado real decreto lei. O Plan nacional de asignación tamén establece a metodoloxía de cálculo para a asignación individual de dereitos e determina a cantidade correspondente á reserva de novos entrantes, así como o seu sistema de asignación.

A asignación individualizada de dereitos de emisión terá lugar, por solicitude do interesado, por resolución do Consello de Ministros, por proposta dos ministros de Economía e Facenda, de Industria, Turismo e Comercio e de Medio Ambiente, logo de consulta ao comité de coordinación das políticas de cambio climático e trámite de información pública, tal como se establece no artigo 19 do Real decreto lei 5/2004, do 27 de agosto, polo que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

O Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, xunto coa proposta de listaxe de asignación individual ás instalacións, foi remitido á Comisión Europea. O Colexio de Comisarios, na súa reunión do 27 de decembro, adoptou a decisión pola que aproba o Plan nacional de asignación de España, cunha única obxección relativa á definición de instalación de combustión incluída no ámbito de aplicación do Real decreto lei 5/2004, do 27 de agosto, e insta as autoridades españolas a adoptaren as decisións pertinentes para incluír todas as instalacións de combustión cunha potencia térmica nominal superior a 20 MW. Así mesmo, a decisión da Comisión establece que «o plan nacional de asignación poderá modificarse cando a emenda consista en modificar os dereitos asignados a determinadas instalacións dentro da cota total que deba asignarse ás instalacións enumeradas no plan como consecuencia da mellora da calidade dos datos».

É isto último, precisamente, o que pretende levar a efecto este real decreto, dado que nos últimos tres meses se dispuxo de dúas fontes de información importantes para mellorar a calidade das estimacións e a asignación de dereitos correspondente a cada sector: a presentación de solicitudes de asignación gratuita de dereitos por parte das instalacións afectadas e o trámite de información pública de 20 días hábiles ao que se someteu a listaxe coa proposta de asignación individual.

En relación co primeiro deles, cabe destacar que se recibiron 1.054 solicitudes das cales 926 se considerou que cumprían cos requisitos establecidos no Real decreto lei 5/2004, do 27 de agosto. Por outra parte, durante o período de información pública recibíronse 512 alegacións. Da información achegada polos solicitantes e os alegantes cabe sinalar os seguintes datos:

a) A asignación sectorial realizada para o sector eléctrico presumía a asignación con cargo á reserva de novos entrantes de varias centrais de ciclo combinado que, finalmente, presentaron solicitude de autorización e asignación de dereitos no momento inicial por dispoñer de todos os permisos e licenzas requiridas pola normativa aplicable dentro do prazo de solicitude de dereitos. Isto motivou a necesidade de trasladar parte da cantidade inicialmente prevista na reserva ao conxunto de dereitos que se asigna ás instalacións existentes.

b) A asignación sectorial realizada para o sector cerámico no Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, partía dunha estimación preliminar das instalacións dos sectores de ladrillos e tellas e de azulexos e baldosas que superan simultaneamente unha capacidade de produción de 75 toneladas/día e unha capacidade de enforamento de catro m<sup>3</sup> e unha densidade de carga por forno de 300 kg/m<sup>3</sup>, definición do sector incluído no anexo I da directiva.

A vista das solicitudes presentadas e as posteriores alegacións á listaxe provisional, modificouse a dita estimación inicial, polo que debe modificarse, en consecuencia, a asignación aos devanditos sectores.

c) No sector papel e cartón as estimacións previstas no Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, hanse de ver modificadas ao poñerse de manifesto unha presenza de coxeracións maior ao inicialmente previsto. Así, a aplicación simultánea dos criterios previstos no plan nacional de asignación relativos á coxeración e á cláusula de salvagarda ás emisións do proceso industrial asociado dan como resultado un lixeiro incremento da cantidade total, que pasa a ser 5,288 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub>, en lugar dos 4,81 millóns de toneladas establecidos no texto do plan nacional de asignación.

d) No sector cemento, a solicitude de asignación por parte de instalacións cuxa entrada en funcionamento futura facía pensar que se trataba de novos entrantes fixo diminuír a cantidade correspondente a instalacións existentes, ata o punto que algunhas delas dispoñían na listaxe provisional sometida a información pública de menos dereitos que as emisións reais que terían aplicando as mellores tecnoloxías dispoñibles. Para remediar esta situación procédese a volver reasignar as cantidades correspondentes a novos entrantes e a instalacións existentes.

e) En relación coas coxeracións asociadas a procesos non incluídos no anexo I da Directiva 2003/87/CE, é importante destacar que as estimacións se fixeron sobre a base da información dispoñible en 2002, polo que non se incluíron instalacións cuxa entrada en funcionamento tivese lugar con posterioridade a esa data. Esta carencia dificulta a aplicación estrita da metodoloxía descrita no Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, sen modificar a cifra de dereitos correspondente a este tipo de coxeracións.

f) Por outra parte identificouse un pequeno número de instalacións, de gran potencia, que presentan características singulares que as fai merecedoras dun tratamento específico. Son instalacións que funcionan parcialmente como coxeracións, dado que dan servizo de vapor a unha instalación industrial (nuns casos desenvolvendo actividades non incluídas no anexo I, e noutros, a unha refinaria) e parcialmente como ciclos combinados, xerando enerxía eléctrica en réxime ordinario. Isto fai necesario introducir previsións específicas no cadro do plan nacional de asignación. Debe sinalarse que se trata de instalacións que entraron en funcionamento con posterioridade ao período de referencia.

Este real decreto dítase de acordo co establecido no capítulo IV do Real decreto lei 5/2004, do 27 de agosto, e logo de consulta á Comisión de Coordinación de Políticas do Cambio Climático.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Medio Ambiente, de Economía e Facenda, e de Industria, Turismo e Comercio e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de xaneiro de 2005,

### DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, polo que se aproba o Plan nacional de asignación de dereitos de emisión, 2005-2007.*

O anexo do Plan nacional de asignación de dereitos de emisión, 2005-2007, aprobado polo Real decreto 1866/2004, do 6 de setembro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O cadro resumo incluído no punto 1 do Plan nacional de asignación de dereitos de emisión queda modificado nas seguintes alíneas:

a) No recadro do obxectivo básico de cumprimento substitúese a referencia a «un incremento adicional do 3,5% das emisións de CO<sub>2</sub> dos sectores da directiva, para novos entrantes» por «un incremento adicional do 3,5% das emisións de CO<sub>2</sub> dos sectores da directiva, para incrementos de actividade e novos entrantes».

b) No recadro de cantidade total de dereitos para o período 2005-2007, sectores incluídos na directiva substitúese o texto actual polo seguinte: «proponse a repartición de 157,286 Mt CO<sub>2</sub>/ano e unha reserva adicional do 1,90% para novos entrantes, resultando unha asignación total de 160,280 Mt CO<sub>2</sub>/ano, cunha redución do 2,5% respecto das emisións de 2002 (164,32 Mt). A isto súmanse 13,920 Mt/ano que se asignan ás coxeracións e instalacións mixtas que dan servizo a procesos non enumerados no anexo I da directiva e 0,364 Mt/ano como reserva para estas mesmas instalacións».

c) No recadro de nivel sectorial, sectores industriais substitúese a redacción actual polo seguinte texto: «asígnanse 71,886 Mt CO<sub>2</sub>/ano en 2005-2007 para os sectores industriais, incluídos os aumentos de capacidade dos operadores existentes, así como 1,994 Mt CO<sub>2</sub>/ano de reserva para novos entrantes».

d) Introdúcense as seguintes modificacións no recadro de coxeracións asociadas a procesos non enumerados no anexo I da directiva: substitúese a denominación actual por «coxeracións e instalacións mixtas asociadas a procesos non enumerados no anexo I da directiva», e substitúese o texto actual por: «asígnanse 13,920 Mt CO<sub>2</sub>/ano en 2005-2007, ao tempo que se consti-

túe unha reserva para este grupo de instalacións de 0,364 Mt CO<sub>2</sub>/ano».

e) O terceiro parágrafo do recadro de novos entrantes terá a seguinte redacción: «estabéllese unha reserva gratuita do 1,90% sobre as emisións do escenario de referencia, o que supón 2,994 Mt/ano. Delas, 1,000 Mt/ano destínanse ao sector eléctrico estando xa incluídas na asignación de 86,4 Mt/ano establecida para o sector. O resto, 1,994 Mt/ano, asígnase aos sectores industriais. Un 50% da reserva prevese inicialmente para as instalacións de coxeración que dan servizo nos sectores industriais enumerados no anexo I da directiva. Adicionalmente, constitúese unha reserva de 0,364 Mt/ano para as coxeracións asociadas a sectores que non se enumeran no anexo I da directiva. A distribución farase por orde de petición («First come, first served»). Os dereitos da reserva de novos entrantes non asignados antes do 30 de xuño de 2007 poderán ser alleados de acordo ao disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas».

f) Inclúese un novo recadro co nome «Instalacións mixtas» co seguinte texto: «Prevese asignación específica para instalacións de xeración que actúan parcialmente como coxeracións asociadas nalgúns casos a procesos industriais non incluídos no anexo I da Directiva 2003/87/CE e noutros asociados a procesos industriais que si o están».

Dous. O parágrafo sétimo do punto 2.C do Plan nacional de asignación de dereitos de emisión, 2005-2007, terá a seguinte redacción: «Así, e polo que se refire ás actividades incluídas na directiva, a través da suma das proxeccións tendenciais das distintas actividades citadas no anexo I da directiva, determinouse a repartición de 157,286 Mt de CO<sub>2</sub>, cunha reserva adicional gratuita dun 2,994 Mt de CO<sub>2</sub> para novos entrantes ao esquema do comercio de dereitos de emisión, asegurando así unha igualdade de tratamento entre as instalacións existentes e os novos entrantes, sempre que estes últimos utilicen as mellores tecnoloxías dispoñibles. O 50%, en principio, da dita reserva, destinarase para instalacións de coxeración. As cantidades anteriores débense engadir 13,920 Mt de CO<sub>2</sub>/ano que se asignarán ás coxeracións que dan servizo en sectores non enumerados no anexo I da directiva. Así mesmo, para este tipo de instalacións establécese unha reserva de 0,364 Mt de CO<sub>2</sub>/ano. En total, resultan 174,564 Mt de CO<sub>2</sub>/ano, incluíndo a reserva».

Tres. Modifícase o cadro de repartición de dereitos por actividades incluído no punto 3 do Plan nacional de asignación de dereitos de emisión, 2005-2007:

«Sector	1990	2000	2001	2002	Media Asignacións		Asignacións Media anual 2005-2007		
	Mill. Tm CO <sub>2</sub>	Mill. Tm CO <sub>2</sub>	Mill. Tm CO <sub>2</sub>	Mill. Tm CO <sub>2</sub>	Mill. Tm CO <sub>2</sub>	PM/90	Sen reserva (A)	Reserva (B)	Total (A) + (B)
Xeración eléctrica (1) . . . . .	61,61	86,77	81,26	95,95	87,99	42,82 %	85,400	1,000	86,400
Refinación de petróleo (2) . . . . .	12,64	15,25	14,99	14,86	15,03	18,94 %	15,250		
Siderurxia (3) . . . . .	13,83	10,79	10,74	10,85	10,79	-21,96 %	11,230		
Cemento . . . . .	21,14	24,99	25,68	26,58	25,75	21,81 %	27,535		
Cal . . . . .	1,58	2,09	2,08	2,20	2,12	34,69 %	2,456		
Cemento e cal . . . . .	22,72	27,08	27,76	28,78	27,87	22,71 %	29,991		
Ladrillos e tellas . . . . .	3,89	5,02	5,34	5,51	5,29	35,84 %	4,750		
Azulexos e baldosas . . . . .	0,41	1,08	1,09	1,10	1,09	162,84 %	0,875		
Industria cerámica . . . . .	4,31	6,10	6,43	6,61	6,38	48,05 %	5,625		
Vidro (sen fritas) . . . . .	1,55	1,96	2,07	2,16	2,06	32,77 %	2,244		
Fritas . . . . .	0,22	0,53	0,56	0,60	0,56	151,49 %	0,677		
Vidro . . . . .	1,78	2,48	2,63	2,76	2,62	47,75 %	2,921		
Pasta de papel, papel e cartón . .	2,29	3,64	4,33	4,52	4,16	81,99 %	5,288		
Instalacións mixtas anexo I . . . . .	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00 %	1,581	1,994	73,880
Subtotal sectores industriais . . .	57,60	65,34	66,89	68,37	66,87	16,12 %	71,886	1,994	73,880
Total anexo I . . . . .	119,17	152,11	148,15	164,32	154,86	29,95 %	157,286	2,994	160,280
Coxeracións non anexo I (4) . . . .		8,62		10,20			12,238	0,364	12,602

«Sector»	1990	2000	2001	2002	Media Asignacións		Asignacións Media anual 2005-2007		
	Mill. Tm CO <sub>2</sub>	Mill. Tm CO <sub>2</sub>	Mill. Tm CO <sub>2</sub>	Mill. Tm CO <sub>2</sub>	Mill. Tm CO <sub>2</sub>	PM/90	Sen reserva (A)	Reserva (B)	Total (A) + (B)
Instalacións mixtas non anexo I <sup>(4)</sup>		0,00		0,00			1,682	0,000	1,682
Total non anexo I							13,920	0,364	14,284
Total emisións España (Mt CO <sub>2</sub> -eq) <sup>(5)</sup>	285,69	386,68	385,05	401,34	391,02	36,87 %			

<sup>(1)</sup> Os datos de emisións históricas non inclúen as correspondentes á queima de gases siderúrxicos.

<sup>(2)</sup> Inclúense as plantas de hidróxeno cando o seu titular é o da refinaría.

<sup>(3)</sup> Emisións e asignacións sumando os gases siderúrxicos e coquerías.

<sup>(4)</sup> Nesta epígrafe inclúense as instalacións de coxeración e instalacións mixtas que dan servizo en sectores non enumerados no anexo I da directiva. No caso das instalacións mixtas, estas entraron en funcionamento con posterioridade ao ano 2002.

<sup>(5)</sup> Todos os gases de efecto invernadoiro e todos os sectores»

Catro. Substitúese a redacción do quinto parágrafo do punto 3.A relativo ao sector cerámica polo seguinte texto: «A asignación ao sector cerámico é coherente coa aplicación das tres condicións limiar exixidas polo Real decreto lei 5/2004, do 27 de agosto, para considerar unha instalación incluída no seu anexo I.

A exigencia simultánea de todas elas implica a exclusión dun número significativo de instalacións. En consecuencia, é necesario axustar a serie histórica das emisións correspondentes ao conxunto de instalacións afectadas nos subsectores de ladrillos e tellas e azulexos e baldosas».

Cinco. Modifícase a seguinte referencia no último parágrafo do punto 4.A.a, sector eléctrico, do Plan nacional de asignación de dereitos de emisión, 2005-2007: «O volume de dereitos dispoñible para facer fronte ás emisións deste tipo de instalacións elévase, durante o período 2005-2007, a 1,84 × 3 Mt CO<sub>2</sub>», polo: «volume de dereitos dispoñible para facer fronte ás emisións deste tipo de instalacións elévase, durante o período 2005-2007, a 1,00 × 3 Mt CO<sub>2</sub>».

Seis. O parágrafo segundo do punto 6.B, Novos entrantes, do Plan nacional de asignación de dereitos de emisión, 2005-2007, terá a seguinte redacción: «establécese unha reserva gratuíta do 1,90% sobre as emisións do escenario de referencia, o que supón 2,994 Mt/ano, que se distribuirán entre o sector de xeración eléctrica (xa incluída na asignación sectorial) e os sectores industriais. A cantidade total de dereitos que se van reservar no caso dos sectores industriais é de 1,994 Mt/ano, repartidos de forma orientativa sectorialmente de acordo coas estimacións de aumento de emisións entre 2002 e as previsións para 2006. A asignación final da reserva axustarase aos criterios fixados para a xestión desta. Un 50% desta reserva prevese para as instalacións de coxeración asociadas aos sectores industriais incluídos no anexo I da directiva. A isto sumárase unha bolsa adicional de 0,364 Mt/ano exclusiva para os novos entrantes correspondentes á categoría doutras coxeracións, é dicir, aquelas que dan servizo en sectores non enumerados no anexo I da directiva».

Disposición transitoria única. *Aplicación retroactiva.*

As modificacións introducidas no Plan nacional de asignación de dereitos de emisión, 2005-2007, aprobadas por este real decreto, producirán efectos desde o día 1 de xaneiro de 2005.

Disposición derradeira primeira. *Natureza básica e título competencial.*

Este real decreto ten natureza básica e dítase ao abeiro das competencias estatais en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e da lexislación básica sobre protección do medio previstas

no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de xaneiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno

e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**1156** REAL DECRETO 61/2005, do 21 de xaneiro, polo que se fixan os métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido máximo de estaño nos alimentos enlatados. («BOE» 19, do 22-1-2005.)

A Directiva 2004/16/CE da Comisión, do 12 de febreiro de 2004, pola que se fixan métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido máximo de estaño nos alimentos enlatados, establece os procedementos de mostraxe e os métodos de análise que se deberán aplicar para o control oficial do contido de estaño nos grupos de alimentos regulados no Regulamento (CE) n.º 242/2004 da Comisión, do 12 de febreiro de 2004, que modifica o Regulamento (CE) n.º 466/2001, polo que respecta ao estaño inorgánico nos alimentos.

O referido Regulamento (CE) n.º 242/2004 recolle os grupos de alimentos susceptibles de conteren estaño, así como os límites máximos deste contaminante que poden conter. Os grupos de alimentos aos que se aplica esta normativa son os alimentos enlatados, bebidas enlatadas e alimentos enlatados para lactantes e nenos de curta idade.

Os métodos de análise previstos na Directiva 2004/16/CE refírense ao estaño total e son adecuados para os límites máximos de estaño inorgánico regulados no Regulamento (CE) n.º 242/2004 referido anteriormente, dado que a posible presenza de formas orgánicas de estaño nos alimentos non se considera estimable en relación cos contidos máximos fixados para o estaño inorgánico.